



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

SECRETARÍA XERAL

REF^a: MEAM/PILAR/2010

ANUNCIO BOP

Téndose publicado no BOP de data 16-1-2010 anuncio relativo a **MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO PARA A CREACIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE ARTEIXO** sen que se presentaran alegacións ou reclamacións a mesma e dando cumprimento ao apartado terceiro do acordo plenario de data 30 de decembro de dous mil nove, públícase o texto íntegro do devandito regulamento para xeral coñecemento:

REGULAMENTO PARA A CREACIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE ARTEIXO.

“ARTIGO 1º.-

Créase o rexistro municipal de *parellas de feito* do Concello de Arteixo, de carácter administrativo, no cal poderán inscribirse as parellas de feito, con independencia da súa orientación sexual, na forma e cos requisitos establecidos no presente regulamento.

ARTIGO 2º.-

Poderán inscribirse no devandito rexistro todas aquelas parellas *de dúas persoas, inclusive se son do mesmo sexo*, que polo seu libre consentimento teñan constituída unha unión de convivencia non matrimonial.

Os requisitos para levar a cabo a súa inscrición son:

a) Estar empadroados no Concello de Arteixo. Para tal efecto, formulada a solicitude de incrición, emitírase informe pola persoa encargada do Servizo do Padrón Municipal.

b) Ser maior de idade ou menor emancipado, e non ter sido declarado incapacitado *xudicialmente para rexer a súa persoa*. Achegarase copia do DNI e documentos acreditativos da emancipación, no seu caso, de conformidade co establecido no artigo 314 e seguintes do Código Civil. Achegarase declaración responsable de non ter sido declarado incapacitado por sentenza xudicial firme.

c) *Non ter relación de parentesco en liña recta por consanguinidade ou adopción nin colateral por consanguinidade ou adopción ata o terceiro grao.*

d) *Non formar parella de feito debidamente formalizada con outra persoa.*

ARTIGO 3º

A solicitude de inscrición deberá ir asinada por tódolos membros da unión, e a inscrición levarase a cabo mediante comparecencia persoal e conxunta do funcionario



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

encargado do rexistro, efectuando declaración formal respecto da existencia da unión de convivencia non matrimonial.

ARTIGO 4º

Poderán inscribirse, mediante transcripción literal os convenios regulamentadores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros da unión. Asemade poderán inscribirse outros feitos ou circunstancias que afecten á unión non matrimonial.

ARTIGO 5º

Calquera modificación posterior dos datos inscritos, relativos ó convenio, feitos ou circunstancias, farase mediante comparecencia persoal e conxunta dos membros da unión de convivencia non matrimonial.

Respecto do remate da unión, poderase efectuar por instanci dun só dos membros da mesma.

ARTIGO 6º.-

O rexistro municipal de *parellas de feito* estará a cargo da Secretaría Xeral do Concello.

ARTIGO 7º

O rexistro materializarase nun libro-rexistro municipal de *parellas de feito*, que estará formado por follas móbiles foliadas e seladas, legalizadas coa sinatura do Secretario da Corporación, e expresará na súa primeira páxina, mediante dilixencia de apertura asinada polo Secretario, o número de folios e data da apertura.

ARTIGO 8º

O libro-rexistro municipal de *parellas de feitos*, non terá carácter público, agás as certificacións que expida o funcionario encargado do rexistro a instancia exclusivamente de calquera dos membros da unión ou de xuíces ou tribunais de xustiza.

ARTIGO 9º

No eido competencial do Concello, as *parellas de feito* inscritas no rexistro municipal, cando se trate de parellas, terán a mesma consideración xurídica e administrativa que as unións matrimoniais, sen obstáculo doutras formas de proba.

ARTIGO 10ª

Co fin de garantir a intimidade persoal e familiar das persoas inscritas no rexistro non se dará publicidade ningunha ao contido dos asentos agás as certificacións expedidas a instancia de calquera dos membros da unión interesada ou dos xuíces ou tribunais de Xustiza.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo de quince días hábiles contados a partir da recepción do acordo de aprobación na Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

SOLICITUDE DE INCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE ARTEIXO

D.....

CON DNI/PASAPORTE:

D.....

CON DNI/PASAPORTE:

EMPADROADOS NO CONCELLO DE ARTEIXO CON DOMICILIO EN

.....

.....

E CON NÚMERO DE TELÉFONO.....

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que reúnen os requisitos esixidos no artigo 2 do Regulamento de Parellas de Feito aprobado polo pleno da corporacion de data, e publicado no BOP número De data

SEGUNDO.- Que libre e voluntariamente solicitan a incrición no devandito resitro e a tal efecto achegan a seguinte documentación:

Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade debidamente cotexada.

Declaración responsable respecto de cumprilos requisitos esixidos no artigo 2º b) do Regulamento.

Certificación de empadroamento no Concello de Arteixo.

Outros:

TERCEIRO: Que foron informados amplamente pola Secretaría do Concello de Arteixo dos requisitos esixidos pola Lei 2/2006 de 14 de xuño de Dereito Civil de Galicia e polo Decreto 248/2007, de 20 de decembro polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia e manifestan que : SI NON prestan o seu consentimento para remitir os datos ao devandito Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

En Arteixo a, de de 200...

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

DECRETO DA ALCALDÍA

Nº/.....

O día..... de de 200...., tivo entrada no Concello de Arteixo a través do Rexistro de entrada con nº solicitude de D..... e de D^a
No que solicitan a inscrición no rexistro municipal de parellas de feito.

Tendo en conta que se cumpre o regulado no articulado do Regulamento de Parellas de Feito do Concello de Arteixo e, que obra no expediente toda a documentación presentada, no uso das facultades que teño atribuídas pola lei,

RESOLVO

Proceder á inscrición no LIBRO DE REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO do Concello de Arteixo ás persoas anteriormente mencionadas por ter correcta a documentación presentada e estar completo o expediente

Así o ordea, manda e asina S.S., na data anteriormente citada; e de todo o que, eu, Secretaria Xeral, dou fe.

A ALCALDESA PRESIDENTA,

Asdo.: PILAR SOUTO IGLESIAS Asdo.: MARIA ESTHER ALVAREZ MARTÍNEZ
SECRETARIA XERAL



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

D./D^a

D./D^a

Presentan a seguinte **DECLARACIÓN RESPONSABLE**, para os efectos establecidos no artigo 2 do **REGULAMENTO PARA A CREACIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE ARTEIXO**.

Primeiro.- Que son maiores de idade.

Segundo.- Que non teñen sido declarados incapacitados xudicialmente para rexer as súas persoas por sentenza xudicial firme.

Terceiro.- Non ter relación de parentesco en liña recta por consanguinidade ou adopción nin colateral por consanguinidade ou adopción ata o terceiro grao.

Cuarto.- Non formar parella de feito debidamente formalizada con outra persoa.

Quinto.- Que o seu estado civil é:

D./D^a.....

D./D^a.....

Sexto.- Que actualmente forman unha unidade de convivencia estable no domicilio citado na instancia.

Sétimo.- Que coñecen o articulado do regulamento e que se comprometen a comparecer persoalmente ben de forma individual ou conxunta no suposto de modificación posterior dos datos inscritos no Rexistro de Parellas de Feito.

Oitavo.- Que foron informados de que a inscrición neste rexistro municipal non ten os efectos previstos na Lei do Dereito Civil de Galicia debendo inscribirse para elo no Rexistro de Parellas de Feito da Xunta de Galicia.

En Arteixo, a de..... de 200.....

Asdo.:

Asdo.:



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

ACTA DE COMPARECENCIA ANTE MÍN D^a MARIA ESTHER ALVAREZ MARTÍNEZ, SRA. SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE ARTEIXO

Expediente n^o
Data de solicitude de inscrición:.....
Número de Rexistro de Entrada.....
Domicilio

Sendo as horas do día De..... 200.....
COMPARECEN perante mín, D^a María Esther Alvarez Martínez, Secretaria Xeral do Concello de Arteixo as persoas que a continuación se relacionan:

D/D^a
D/D^a

Declaran que é obxecto da comparencia manifestar:

PRIMEIRO.- Que son certos tódolos datos consignados na solicitude formulada para inscrición no Rexistro Municipal de Parellas de Feito, así como na declaración e demais documentación presentada coa mesma.

SEGUNDO.- Que a día de hoxe forman unha unidade de convivencia estable no domicilio no que aparecen empadroados.

TERCEIRO.- Que solicitan que quede constancia dos seguintes feitos e circunstancias relevantes que afectan á Parella de Feito.

.....
.....

Logo da lectura íntegra de todo o exposto, os comparecente ratifícanse no manifestado e, e proba de conformidade, asinan perante mín, Secretaria Xeral, que fou de.

OS INTERESADOS

A SECRETARIA XERAL



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

REGISTRO DE PARELLAS DE FEITO

EXPTE.: N.º/....

DATA DE SOLICITUDE

| NOME | 1º APELIDO | 2º APELIDO |
|-------------|-------------------|-------------------|
| | | |
| | | |

OBSERVACIONES:

En Arteixo, 3 de marzo do 2010.
A ALCALDESA-PRESIDENTA

Asdo.: PILAR SOUTO IGLESIAS